

LEMBRE

**A práctica da
autoprotección polos
cidadáns, ademais de
favorecer a cada un deles,
xera a seguridade do
colectivo.**

**Ante calquera
situación de emerxencia
chame ao teléfono**



**Para máis información
www.112galicia.org**

O sistema de protección civil recolle e xera información sobre os previsibles fenómenos meteorolóxicos adversos e, unha vez avaliados os posibles riscos en función dos seus efectos, decide activar a situación de alerta.

Escoite as emisoras de radio e televisión e siga as recomendacións dadas polas autoridades de Protección Civil.

NEVADAS



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior



VALORES LÍMITES DE METEOROLOXÍA ADVERSA

NIVEIS	NEVE
AMARELO	Galicia costa e interior: 2 cm. Alta montaña de Lugo e Ourense: 5 cm.
LARANXA	Galicia costa e interior: 5 cm. Alta montaña de Lugo e Ourense: 20 cm.
VERMELLO	Galicia costa e interior: 20 cm. Alta montaña de Lugo e Ourense: 40 cm.

QUE FACER EN CASO DE EMERXENCIA

Se se aveciña un temporal de neve, siga estes consellos:

Antes da chegada das nevadas

- Almacene alimentos e combustibles.
- Dispoña dunha caixa de urxencias cos medicamentos que precise de xeito cotián.
- Provéxase de roupa e calzado axeitado.
- Comprobe o estado da súa vivenda, especialmente o tellado e o sistema de calefacción.
- Dispoña de radio con pilas suficientes para estar informado.
- Teña á man candeas e lanternas.

Durante as nevadas

Medidas de carácter xeral

- Só utilice o teléfono para chamadas de urxencia.
- Non propague rumores sobre a situación.
- Desconecte todos os aparatos eléctricos que non sexan necesarios.

Manteña abertas as billas para evitar a conxelación das tuberías.

Evite que as persoas maiores saian á rúa.

Aos automobilistas

Evitar a viaxe sempre que non sexa necesaria e procure non viaxar só.

Se vai emprender unha viaxe infórmese do estado das estradas.

Leve sempre cheo o depósito.

Revise freos, pneumáticos, luces, líquido anticonxelante e leve cadeas.

Circule con precaución, non free en zonas xeadas nin faga cambios bruscos de dirección.

Se o temporal lle sorprende dentro do coche e lonxe dun pobo ou zona de aloxamento, permaneza dentro do coche. Se o mantén en marcha coa calefacción posta, deixe unha fiestra entreaberta para renovar o aire e evitar intoxicacións.

Manteña limpo de neve o tubo de escape.